

## **DECRETO**

**DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA,** en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, s) da Lei de Bases do Réxime Local,

En relación coa coa interpretación das bases do Programa Silleda reactiva plantexouse a seguinte consulta:

**Prazo de xustificación do programa Silleda reactiva:**

Prazo de xustificación do programa Silleda reactiva, tendo en conta que a base 11.1 sinala que "O prazo de xustificación das axudas se iniciará aos tres meses da finalización do estado de alarma e finalizará aos seis meses da finalización do estado de alarma" e que pode existir dúbida sobre a data exacta, xa que o Real decreto 555/2020, de 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crisis sanitaria ocasionada polo COVID-19, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para fazer fronte a pandemia de COVID-19, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión de 28 de abril de 2020, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais.

**En relación a dita consulta se emitiu o informe de Intervención nº 73 cos seguintes fundamentos e conclusóns:**

Se formula consulta en relación co período exacto de xustificación, tendo en conta que as bases o vinculan a duración do estado de alarma.

Neste sentido, compre sinalar que, con independencia da capacidade das distintas comunidades autónomas de aprobar medidas, o estado de alamar non pode ser outro que o recollido no artigo 116.2 da Constitución, segundo o cal:

"El estado de alarma será declarado por el Gobierno mediante decreto acordado en Consejo de Ministros por un plazo máximo de quince días, dando cuenta al Congreso de los Diputados, reunido inmediatamente al efecto y sin cuya autorización no podrá ser prorrogado dicho plazo. El decreto determinará el ámbito territorial a que se extienden los efectos de la declaración."

A cuestión consiste polo tanto en valorar se, na última prórroga, o estado alarma veu afectado o seu ámbito territorial ou se o que se veu afectado territorialmente foron as restricións concretas.

Neste senso, a lectura do Real decreto 555/2020 deixa claro que o que se alteran son as medidas (artigo 5) terminando o mesmo, para todo o territorio español, as 00:00 horas do día 21 de xuño de 2020 (artigo 2º)

Dado que as bases vinculan a xustificación a duración do estado de alarma, o prazo se inicia aos tres meses da finalización do estado de alarma (polo tanto, o 22 setembro) e finalizará aos seis meses da finalización do estado de alarma (o martes 21 de decembro de 2020)

## **CONCLUSIÓNS.**

1º O prazo de xustificación do Programa Silleda Reactiva se inicia o 22 setembro de 2020 e finaliza o 21 de decembro de 2020.

Visto dito informe esta Alcaldía

## **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Interpretar ambas cuestiós no senso indicado en ditos informes.

**SEGUNDO.-** Publicar esta resolución

